



PROGRAMA NON PASA NADA ¿ PASA ALGO?

Programa prevención alumnado con idades entre 12 e 18 anos

1.- Presentación e xustificación.

2.- Obxectivos.

3.- Poboación destinataria.

4.- Contidos

5.- Duración

1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

O desenvolvemento deste programa xustifícase polas necesidades detectadas respecto aos patróns de consumo de drogas observados na poboación xuvenil.

Segundo os datos recollidos polo *Observatorio de Galicia sobre Drogas*, na nosa comunidade, a meirande parte dos adolescentes iníciáanse no consumo de substancias psicoactivas entre os 14 e os 16 anos, no caso do alcohol e o tabaco, e entre os 15 e 17 anos no do cannabis e a cocaína.

A existencia de consumo de drogas entre o alumnado supón unha preocupación para o profesorado debido as disrupcións que provocan na aula. Por iso, a comunidade educativa demanda a posta en marcha de actuacións conxuntas entre os centros educativos e profesionais externos co fin de mellorar a situación e que abranguen aspectos legislativos, educativos, preventivos e asistenciais. Para dar resposta a esta necesidade o *Concello de Vigo*, en convenio coa *Xunta de Galicia*, pon en marcha un programa de prevención selectiva destinado ao alumnado da ESO en situación de risco denominado **“Non pasa nada, ¿pasa algo?”**.

2.- OBXECTIVOS

A finalidade do programa é evitar o desenvolvemento e consolidación de consumos problemáticos de drogas, reducir a incidencia dos diversos problemas sociosanitarios relacionados co consumo e/ou abuso de drogas e promover a adopción de estilos de vida saudables entre os adolescentes que están vinculados ao sistema educativo.

Os obxectivos xerais do programa son os seguintes:

- Reducir os consumos experimentais de cannabis e outras drogas ilegais entre os beneficiarios do programa.
- Reducir a porcentaxe de consumidores habituais (consumo diario de alcohol e tabaco e nos últimos 30 días para as restantes drogas).
- Reducir o consumo abusivo de alcohol.
- Fortalecer a integración do alumnado con condutas de risco no sistema educativo.
- Reducir a presenza de condutas disruptivas nas aulas relacionadas co consumo de drogas por parte do alumnado.

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA

A poboación destinataria do programa é o alumnado con idades comprendidas entre os 12 e 18 anos.

4.- CONTIDOS

- ✓ Conceptos básicos sobre drogodependencias

- ✓ Efectos do consumo de drogas e a súas consecuencias sobre a saúde e o benestar da persoa.

- ✓ Mitos e crenzas.

- ✓ Habilidades de afrontamento.

5.- DURACIÓN

O programa lévase a cabo ao longo de 4 sesións dunha hora escolar impartidas, preferentemente, en 4 semanas consecutivas.